

Sobre a totalitarización do gueto

Publicado en <https://aturuxo1x.blogspot.com/>

O primeiro borrador deste texto leva escrito máis dunha semana, concretamente desde o día seguinte aos sucesos que narra. Se tardou tanto en saír á luz é para respectar os tempos e os ritmos de persoas e sensibilidades que se viron dun xeito ou outro afectadas.

Con todo creo que é necesario expoñer publicamente os feitos lamentables que pasamos a describir, no convencemento da necesidade dunha reflexión pública e serena respecto de todo isto. A verdade sempre é revolucionaria, e ocultar uns sucesos tan graves só servirá para evitar que o conxunto do movemento libertario poida extraer os oportunos ensinamentos que se puidesen derivar. Ademais, manter no ámbito privado semellantes humillacións reforza a falsa idea de culpabilidade de todos os agredidos.

Por último e non menos importante escribo isto por necesidade. Para sacar para afora toda a merda que traguei sen razón. Escribo con fin terapéutico, para aliviar a dor. Outros prefiren calar. Eu podo tragar merda, pero dende logo que non direi que sabe a fresas.

É por todo iso que aquí queda a crónica do sucedido o sábado pasado no Aturuxo, desde o parcial punto de vista dun dos que non lle quedou outra que padecelo:

Sobre a totalitarización do gueto:

Do día en que me quixen solidarizar e fixéronme prisioneiro de guerra.

Onte, primeiro de xuño, fomos convocados un numeroso grupo de activistas na okupa compostelá O Aturuxo das Mariás. Tratábase dunha "alerta feminista", dixéronnos, era moi importante que fósemos os homes dos movementos contestatarios galegos, pois as compañeiras tiñan algo grave que dicirnos. Sabiamos que se produciran algunhas agresións dentro do entorno e intuíamos que aquilo sería unha chamada de atención colectiva respecto diso.

Alí aparecemos máis de medio cento de homes relacionados dun xeito ou outro co entorno activista. Moitos queriamos saber o que pasara e sentiámonos comprometidos a tratar o tema e ofrecer algún tipo de resposta. Outra xente que estaba convocada non puido ou quixo acudir. Tras unha longa espera na porta da okupa abriron o paso e fixéronnos subir ao piso de arriba. Alí, atónitos, atopamos as fiestras e paredes empapeladas coas nosas fotos e nomes; polo menos habería un centenar.

De súpeto irromperon as mozas, superaban amplamente a trintena, viñan moi serias e enfadadas. Repartiron rotuladores e dixéronnos que marcásenos un "si" sobre as nosas fotos os que se recoñecesen como agresores. Tamén nos cominaron a denunciar aos demais. Aos poucos a xente comezou a sinalarse a si mesma, no medio dun clima cada vez máis enrarecido pola presión grupal. Algúns sinalaban tamén a outros; houbo quen marcou absolutamente todas as fotos, coñecéraos ou non. Fomos moi poucos os que nos negamos a participar deste proceso autoinculpatorio, o ambiente de condicionamento colectivo era moi forte e opresivo.

Unha vez terminado o rosario de denuncias e "confesións" empezaron a marcar elas aos que consideraban agresores. Caemos case todos. Non deron explicacións e a berros dixéronnos que non tiñamos permitido falar. Algúns aínda seguimos devanándonos os miolos tratando de saber o motivo polo que fomos sinalados. A tensión aumentou. Increpáronnos, ameazáronnos, gritáronnos. Dixéronnos que todos eramos violadores, que ninguén era inocente e que, como homes, encubriamos as

agresións dos demais (e eu que sempre pensei que iso o faciamos todxs, independentemente do sexo).

Pública e expresamente declaráronnos a guerra, así nolo dixeron, e manifestaron que querían romper as relacións connosco (os homes do seu entorno). Dixéronnos que ninguén se salvaba, que éramos armas de destrucción masiva, que teriamos que cortarnos as pollas e meternos cactus polo cu. Leron varios manifestos absolutamente delirantes nun clima de hostilidade crecente. Nós, sumisos, agachabamos a cabeza.

Foi entón cando comezaron as agresións. Primeiro de xeito máis localizado, contra xente concreta. Insultos, berros, labazadas, cuspiron nas caras de varios. Ninguén fixo nin dixo nada. Logo viñeron as patadas e os puñetazos. Entendo que aínda se centraban en vinganzas concretas por feitos especialmente graves, pero pronto as agresións volvéronse gratuítas e arbitrarias: unha moza díxolle a alguén mentres o abofeteaba que non sabía quen era pero que non lle gustaba a súa mirada. Ningún faciamos nada mentres arreciaba a violencia. O que mais hostias levou foi un que pintara un interrogante sobre a súa foto, parodiando o proceso autoinculpatorio; recibiu unha auténtica malleira mentres un cordón de mulleres, en actitude chulesca, defendía a agresión. Nunca na miña vida vira un abuso semellante salvo, quizais, nos lúgubres calabozos dalgunha comisaría.

Unha vez despachadas a gusto, obrigáronnos a marchar, pero antes as mozas formaron un pasillo na porta. Segundo iamós saíndo comezaron a repartir golpes: sopapos, empurróns, labazadas... Gratuítos, pola cara. Mesmo a xente que non fora sinalada como agresora e cun comportamento escrupuloso e intachable. Daba igual, eran homes. Esa mesma mañá saudában con sorrisos e agora cruzábannos a cara a labazadas.

Sáímos como zombis, as bocas abertas e a mirada perdida. Apenas falabamos, incrédulos, tratando de dixerir o que acababa de pasar. As nosas amigas, as nosas compañeiras de loita, para algúns mesmo as súas noivas, de golpe tratábnos do mesmo xeito que o faría a policía. Acabábnos de humillar, vexar e torturar da forma cruel e gratuíta típica dos antidisturbios. Poida que alguén o merecese, pero a maioría desde logo que non. Asistimos inermes a un linchamento público.

E aínda por riba a maioría de nós quedamos marcados como agresores. Sen nin sequera saber o por que! Unha condena sumaria da que non temos dereito a coñecer as causas. Nin o propio Kafka podería idear un sinsentido tan terrorífico.

Non puiden evitar acordarme dos procesos autoinculpatorios nas purgas estalinistas, con antigxs revolucionarixs asumindo falsas culpas no camiño do cadalso. Das asembleas de "autocrítica" maoísta, baseadas na destrución do ego de quen cuestionase ao partido. Dos xuízos farsa de Sendero Luminoso, nos que xs acusadxs pedían perdón polos seus crimes e desviacións antes de ser executados publicamente con sadismo e crueldade.

Nunha sorprendente pirueta do destino vímonos convertidos nas bruxas e elas nos inquisidores. Aquilo foi un auténtico auto de fe, asumindo culpas que non nos pertencían baixo o opresivo peso dos dogmas. Tragando inmerecidas humillacións confundidos por absurdos anatemas ideolóxicos. Castigados colectivamente nunha persecución baseada na nosa condición física e a nosa orientación sexual. O que, de toda a vida, denominouse como unha auténtica caza de bruxas.

É certo que as agresións sexuais merecen un castigo, un rexeitamento colectivo e a elaboración de análises e protocolos que permitan recoñecelas e atallalas. Pero cando permitimos que a indignación por un feito horrible provoque respostas abusivas e indiscriminadas contra colectivos enteiros pola súa condición física ou sexual, creamos o caldo de cultivo que desemboca inexorablemente na creación do discurso totalitario.

Ninguén pode negar o patriarcado, os privilexios que temos os homes sobre as mulleres, as agresións sexuais, a desigualdade estrutural... Nin sequera no tocante aos nosos micro-ambientes no gueto. Pero xustifica iso a humillación e a violencia á que fomos sometidos polo mero feito de ser homes? É certo que as mulleres sufriron en silencio moitas inxustizas durante moitos séculos, é certo que sofren aínda agora, e nos nosos propios círculos, numerosas opresións. Pero na miña opinión iso non xustifica unha vinganza humillante e colectiva contra TODOS os homes aos que conseguiron reunir. Xusto os que acoden a unha "alerta feminista", ou sexa que moitos deles, en certo xeito, son dos poucos que nesta sociedade tratan de cuestionarse os seus propios privilexios.

Querían dinamitar as relacións co entorno: conseguírono. De feito xa non estou moi seguro de que exista un "entorno".

Querían que tivésemos medo: triunfaron. Pero aquí o medo non cambiou de bando, só de xénero. E dubido moito que se estenda máis aló dos que simpatizabamos dun xeito ou outro co seu discurso. Agora sabemos que a nosa condición de homes, independentemente dos nosos actos, pode carrexarnos vinganzas cegas e irracionais.

E agora asáltame unha dúbida: máis ou menos todos sabiamos nos nosos ambientes as pautas polas que guiarse cando un grupo de homes humillaba e agredía colectivamente a mulleres só pola súa condición. Que facer cando son elas as que voluntaria e premeditadamente sitúanse no papel do agresor?

Un de tantos